



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 10/2000.

ID: 678

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VOCAIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don Emilio Sánchez Coto.

Don José Antonio Illán Torrón.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a doce de decembro de dous mil un, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas (pequena) da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Visto no día da data o expediente número **10/2000** para a posible clasificación como veciñal en man común do monte "**DE VALVERDE**" no concello de **MONFORTE DE LEMOS**, iniciado por acordo do Xurado coa data do **29 de marzo de 2000**, sendo vocal instructor do mesmo **DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 15 de xuño de 2000), iniciouse o expediente número **10/2000 (por instancia de DONA ISABEL PUENTE PÉREZ e tres veciños máis da parroquia de VALVERDE)**, poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomcamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 15 de xuño de 2000, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 1 de setembro de 2000, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte «**DE VALVERDE**», non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

CUARTO: Coa data do 3 de outubro de 2000 (registro de saída número 128.944, do día 4 do mesmo mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 14 de outubro de 2000, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar que o monte «**DE VALVERDE**» tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese Rexistro e que non existe presentado no libro Diario e pendente de despacho ningún título referente ó predio que se certifica.

SEXTO: Coa data do 2 de novembro de 2000 (registro de saída número 142.617, do mesmo día, mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

SÉTIMO: Coa data do 2 de novembro de 2000 (registro de saída número 143.172, do día 3 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

OITAVO: Coa data do 2 de novembro de 2000 (registro de saída número 143.175, do día 3 do



mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

NOVENO: Coa data do 2 de novembro de 2000 (rexistros de saída números 143.179 e 143.183, do día 3 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no tabolciro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o devandito monte.

DÉCIMO: Coa data do 2 de novembro de 2000 (registro de saída número 143.185, do día 3 do mesmo mes e ano), comunicóuselle á solicitante da clasificación **DONA ISABEL PUENTE PÉREZ**, con domicilio na parroquia de **VALVERDE** do concello de **MONFORTE DE LEMOS**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 30 de novembro de 2000, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai consta-la anotación preventiva feita polo mesmo (anotación letra A, predio 30.801, folio 114, libro 298 do concello de Monforte de Lemos, tomo 730 do arquivo).

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 5 de decembro de 2000, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 236, páxina 16.157, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte "**DE VILAVERDE**".

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 26 de decembro de 2000 (registro de entrada número 213.917), recibíuse certificación do concello de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no tabolciro de anuncios dese concello durante o prazo de 30 días (desde o día 8 de novembro ata o 14 de decembro - ámbolos dous incluídos), e sen que se presentara nese concello ningunha reclamación contra o mesmo.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 16 de febreiro de 2001 (registro de saída número 22.168, do día 19 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de **VALVERDE** do concello de **MONFORTE DE LEMOS**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o

expediente do monte "DE VALVERDE", (con voz pero sen voto).

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 16 de febreiro de 2001 (registro de saída número 22.225, do día 19 do mesmo mes), remitiuse **CORRECCIÓN DE ERROS** para a súa publicación no **D.O.G.**, modificando o nome do monte, que no edicto do 2 de novembro de 2000 foi publicado como "DE VILAVERDE" (**D.O.G. nº 256, do 5 de decembro de 2000, páxina 16.157**), sendo o nome correcto o de "VALVERDE".

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 1 de marzo de 2001, aparece publicada a **CORRECCIÓN DE ERROS** á que se fai referencia no **ANTECEDENTE DE FEITO ANTERIOR (D.O.G. número 43, páxina 2.643)**.

DÉCIMO SÉTIMO: Coa data do 21 de marzo de 2001 (registro de entrada número 54.487), recibíuse comunicación da comunidade de veciños da parroquia de **VALVERDE** do concello de **MONFORTE DE LEMOS**, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

DON MAXIMINO ALFONSO RODRÍGUEZ VILA.

DON SEVERINO CORTIÑAS RODRÍGUEZ.

DÉCIMO OITAVO: Na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do 28 de marzo de 2001, figura o acordo seguinte: << 2º.- Examinada a proposta de resolución correspondente ó monte "DE VALVERDE" (expediente 10/2000), escoitados os representantes da comunidade, que aportan nova documentación, e debido ás discrepancias que poden existir coa comunidade colindante da parroquia de **RIBASALTAS**, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA** prorroga-la tramitación do expediente, croquizar novamente o perímetro de ámbolos dous montes e remitir unha copia ás dúas comunidades implicadas, concedendo trámite de audiencia. >>

DÉCIMO NOVENO: Coa data do 2 de maio de 2001 (registro de saída número 60.865, do día 4 do mesmo mes e ano), remitiuse certificación do acordo ó que se fai referencia no **ANTECEDENTE DE FEITO DÉCIMO OITAVO**, xuntando á mesma os croquis dos devanditos montes e concedendo trámite de audiencia a **DONA HERMINIA CASANOVA LÓPEZ** (solicitante da clasificación como veciñal en man común do monte "SAN ROQUE e CORNAO" (expediente



2/2001), pertencente ós veciños da parroquia de **RIBASALTAS**.

VIXÉSIMO: Coa data do 2 de maio de 2001 (rexistro de saída número 60.871, do día 4 do mesmo mes e ano), remitiuse certificación do acordo ó que se fai referencia no **ANTECEDENTE DE FEITO DÉCIMO OITAVO**, xuntando á mesma os croquis dos devanditos montes e concedendo trámite de audiencia a **DON SEVERINO CORTIÑAS RODRÍGUEZ elixido pola comunidade de veciños da parroquia de Valverde como vocal-representante no Xurado**).

VIXÉSIMO PRIMEIRO: Coa data do 2 de maio de 2001 (rexistro de saída número 60.874, do día 4 do mesmo mes e ano), remitiuse certificación do acordo ó que se fai referencia no **ANTECEDENTE DE FEITO DÉCIMO OITAVO**, xuntando á mesma os croquis dos devanditos montes e concedendo trámite de audiencia a **DON MAXIMINO ALFONSO RODRÍGUEZ VILA (elixido pola comunidade de veciños da parroquia de Valverde como vocal-representante no Xurado)**.

VIXÉSIMO SEGUNDO: Coa data do 2 de maio de 2001 (rexistro de saída número 60.877, do día 4 do mesmo mes e ano), remitiuse certificación do acordo ó que se fai referencia no **ANTECEDENTE DE FEITO DÉCIMO OITAVO**, xuntando á mesma os croquis dos devanditos montes e concedendo trámite de audiencia a **DONA ISABEL PUENTE PÉREZ (solicitante da clasificación)**.

VIXÉSIMO TERCEIRO: Coa data do 23 de maio de 2001 (rexistro de entrada número 278/2001), dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia, recibíuse escrito asinado por **DONA HERMINIA CASANOVA LÓPEZ**, veciña da parroquia de **RIBASALTAS**, no que manifesta a súa total disconformidade coa nova croquización deste monte **«DE VALVERDE»** e do monte **«SAN ROQUE e CORNAO»** da parroquia de **RIBASALTAS**. Alega que esta planimetría foi realizada en base ó informe feito por persoal do Distrito de **MONFORTE DE LEMOS**, de acordo coas manifestacións dos veciños de **VALVERDE**, sen que os veciños de **RIBASALTAS** estiveran presentes para poder aporta-las súas probas ou simplemente para que foran escoitadas as dúas partes sobre o terreo. Solicita sexa anulada esta nova planimetría e se manteña a antiga dos expedientes de investigación previa (carpetas-ficha), que figuran nos dous expedientes de clasificación, e que recoñece como válida.

VIXÉSIMO CUARTO: Coa data do 26 de novembro de 2001, recibíuse informe emitido polo Xefe da Área Técnica de Montes Veciñais, como consecuencia do estudo realizado sobre o terreo xunto cos representantes das comunidades dos montes «**DE VALVERDE**» e «**SAN ROQUE e CORNAO**», para tratar de solucionar as discrepancias xurdidas entre os límites dos devanditos montes. Do mesmo conclúese que estes problemas afectan a unha zona concreta de 27,5 hectáreas, existindo outra extensión sobre a que non se plantea problema algún, polo que as partes concorrentes rematan mostrando a súa conformidade á posibilidade de que se clasifiquen como veciñais en man común estas zonas non discutidas e que se abra un período de proba para acreditar documentalmente a posesión da área en conflito.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecer-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- O monte «**DE VALVERDE**», reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: «**DE VALVERDE**»,
Pertenza: veciños da parroquia de Valverde.
Concello: Monforte de Lemos.
Superficie: 22,5 hectáreas.

Estremas:

Norte: camiño e predios particulares dos veciños de Valverde. **Leste:** predios particulares dos veciños de Valverde. **Sur:** monte veciñal en man común pertencente ós veciños da parroquia da **PARTE** (parcela: «**SERRA DA PARTE**»). **Oeste:** zona en litixio entre esta comunidade de **VALVERDE**



maila comunidade de **RIBASALTAS**.

NOTA.- A zona discutida referida no **ANTECEDENTE DE FEITO VIXÉSIMO CUARTO** queda sen clasificar mentres non se acredite a súa posesión.



Asunto: DELIMITACIÓN DE MONTES VECINALES.

El Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en sesión celebrada el 29 de marzo de 2000, acordó la iniciación del procedimiento para la posible clasificación como vecinal en mano común del monte "DE VALVERDE", ubicado en la parroquia de Valverde, municipio de Monforte de Lemos, y en sesión de 14 de diciembre de 2000, acordó también la iniciación del expediente para la posible clasificación del monte "SAN ROQUE e CORNAO", ubicado en la parroquia de Ribasaltas, del mismo municipio.

Ante los problemas surgidos en la tramitación del expediente debido a las discrepancias existentes entre ambas Comunidades, en cuanto a los límites de sus respectivos montes, el Jurado Provincial de Montes acordó que, por el Jefe de Área de Montes Vecinales en Mano Común del Servicio de Montes e I.F. y personal técnico del Distrito Forestal *Terra de Lemos*, se procediese a realizar una nueva croquización de los montes en presencia de las dos Comunidades.

Con este objeto fueron citadas los representantes de las mismas - Dña. Herminia Casanova López, de la Comunidad de Ribasaltas, y Dña. Isabel Puente Pérez, de la Comunidad de Valverde -, para realizar un estudio sobre el terreno de zona en litigio el día 15 de noviembre. Asistieron a este acto de delimitación D. José Manuel Pérez Rodríguez, D. Severino Curtiñas Rodríguez y D. José González Rodríguez, en representación de la Comunidad de Valverde, y Dña. Herminia Casanova López, Dña. Guadalupe García Rodríguez, y Dña. Carmen Pardo Martínez, en representación de la Comunidad de Ribasaltas.

De este acto se desprenden las siguientes conclusiones:

- que los problemas de límites afectan a una zona muy concreta, que comprende una extensión de 27'5 ha, que ha sido tintada en color azul en el Plano que se adjunta, y que es reclamada por ambas Comunidades,
- que existen expedientes de investigación previa de ambos montes en el Servicio de Montes e I.F.,
- que existe una considerable extensión de monte para cada Comunidad sobre cuya propiedad y límites no parecen existir problemas, que ha sido tintada en color amarillo la perteneciente a la Comunidad de Valverde, y en color verde la perteneciente a la Comunidad de Ribasaltas,
- que dada la actitud de los vecinos de ambas Comunidades, con respecto a la zona en litigio, es imposible llegar a un acuerdo,
- que ante los vecinos de ambas Comunidades se planteó la posibilidad de clasificar en su favor la parte de monte que les corresponde y que esté fuera del litigio, abriendo al tiempo un período de prueba en el que los vecinos presentasen ante el Jurado Provincial los hechos documentales que supongan presunciones posesorias a su favor de la zona litigio, mostrando su conformidad los representantes de ambas Comunidades.

Por ello, parece razonable proponer al Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, que clasifique como montes vecinales en mano común, los que se detallan en el párrafo siguiente y que habrá un periodo de prueba en relación con la parcela en litigio.

Monte: San Roque e Cornao.
Pertinencia: Comunidad de Ribasaltas.
Término municipal: Monforte de Lemos.
Extensión: 53'0 ha
Límites:

Parcela de San Roque:

Superficie 31'5 ha

- N: Zona en litigio entre ambas Comunidades.
- E: Monte vecinal en mano común de A Parte, parcela Serra de A Parte, - límite siguiendo divisoria de aguas -.
- S: Fincas particulares de la parroquia de Ribasaltas.
- O: Propiedades particulares de la parroquia de Ribasaltas.

Parcela de Cornao:

Superficie: 21'5 ha

- N: Propiedades particulares de la parroquia de Ribasaltas.
- E: Monte vecinal en mano común de A Parte, parcela O Cornado.
- S: Monte Sierra Pequeña, Moncayo y Cornada, en Convenio con la Administración Forestal.
- O: Propiedades particulares de la parroquia de Ribasaltas.


Monte: De Valverde
Pertinencia: Comunidad de Valverde.
Término municipal: Monforte de Lemos.
Extensión: 22'5 ha
Límites:

- N: Camino y propiedades particulares de los vecinos de Valverde.
- E: Propiedades particulares de los vecinos de Valverde.
- S: Monte vecinal en mano común de A Parte, parcela Serra de A Parte.
- O: Zona en litigio entre ambas Comunidades.

En Lugo, a 26 de noviembre de 2001
El Jefe del Área Técnica de Montes Vecinales



Fdo. R. Ignacio Sánchez Álvarez




CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
 DELEGACION PROVINCIAL DE LUGO
 Servicio de Montes e Industrias Forestais

MONTE : " DE VALVERDE "
 Pertenencia: Vecinos de Valverde
 Término Municipal : Monforte de Lemos

Superficie..... 22,5 has.

ESCALA : 1 : 10.000

Lugo, Novembro do 2001
 O Enxeñeiro de Montes

 Fdo. R. Ignacio Sánchez Álvarez

113